


A **Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)** é unha entidade, sen ánimo de lucro, clasificada como benéfico-docente pola Orde de 26 de novembro de 2003 (DOG de 11 de decembro) e sobre a que exerce o protectorado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



A fundación ten como obxectivo prioritario “fomentar, promover e levar a cabo actividades dirixidas ó fomento da educación, á investigación e ó desenvolvemento das TIC, así como o impulso e consolidación da denominada sociedade do coñecemento ou sociedade da información, de maneira que se contribúa a mellorar a formación relativa a estas tecnoloxías na provincia de Lugo”.

A Deputación Provincial de Lugo, da que depende esta fundación, puxo en marcha no curso 2003/2004 a Escola de Imaxe e Son de Lugo (CPR TIC) autorizada para impartir ensinanzas da familia profesional de Comunicación, Imaxe e Son.

## Acceso a outros estudos

As titulacións de Técnico Superior en Realización de audiovisuais e espectáculos e Técnico Superior en Producción de audiovisuais, radio e espectáculos permiten o acceso a estudos universitarios de:

Licenciado en Comunicación Audiovisual

Licenciado en Periodismo

Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas

Diplomado en Óptica e Optometría

Diplomado en Turismo

Enxeñeiro Técnico Industrial

Enxeñeiro Técnico en Telecomunicacións

## Información e Matrícula


CICLO 2005/2007



ESCOLA de  
IMAXE e  
SON de  
LUGO  
CPR TIC

Frei Plácido Rei Lemos, s/n  
27004 Lugo  
Tfno.: +34 982 284 667  
Fax: + 34 982 284 687  
info@fundaciontic.org  
[www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org)





## 1º CURSO


1º, 2º y 3º Trimestre

- Realización en cine e vídeo
- Montaxe/edición e postproducción
- Representacións escénicas e espectáculos
- Sistemas técnicos de realización
- Comunicación e expresión audiovisual

## 2º CURSO

1º, 2º y 3º Trimestre

- Realización en televisión
- Realización multimedia
- Relacións no contorno do traballo
- Formación e orientación laboral
- Proxecto integrado
- Formación en centros de traballo






**Titulación que se obtén:** TÉCNICO SUPERIOR DE REALIZACIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS

### Perfil profesional

Organizar e supervisar a preparación, execución e montaxe de calquera tipo de programa filmado/gravado ou en directo, coordinando os medios técnicos e humanos necesarios para a súa realización ó longo de todo o proceso, controlando o contido e a forma, así como a calidade establecida.

Realizar certos produtos audiovisuais no marco de obxectivos establecidos definindo as solucións de realización que aseguren a calidade técnica e formal requirida no produto audiovisual.



## 1º CURSO


1º, 2º y 3º Trimestre

- Producción de cine e vídeo
- Producción de radio
- Medios técnicos audiovisuais
- Xestión e promoción de producións audiovisuais, radiofónicas e espectáculos
- Relacións no contorno do traballo
- Formación e orientación laboral

## 2º CURSO

1º, 2º y 3º Trimestre

- Producción de televisión
- Producción de espectáculos
- Linguaxes audiovisuais e escénicas
- Proxecto integrado
- Formación en centros de traballo



**Titulación que se obtén:** TÉCNICO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS, RADIO E ESPECTÁCULOS

### Perfil profesional

Planificar, organizar, supervisar e xestionar os recursos económicos, materiais, técnicos e humanos para a produción de audiovisuais, radio e/ou espectáculos, asegurando o cumprimento dos plans ou obxectivos da produción no tempo e as condicións de custo e calidade establecidas.

